



Guion técnico exemplo

EMISORA OU GRUPO RESPONSABLE: alumnado do programa "As TIC a debate"		
Nombre de la tertulia: "Día da radio"		
Dirección ou realización: Juan (control), María (presentadora), Heriberto (tertuliano 1) eFilomena (tertuliana 2)		
Duración: 10 min.		
Secuencia de realización:		
Responsable	Contido	Tempo
Control-realización	Sintonía	5 s
Presentadora	Bo días, son as oito e corenta e oito, as sete e cuarenta e oito en Canarias. Lémbrolles que o teléfono do portavoz da audiencia é o 92222222. E agora, temos que íalar do que hoxeé a cabeceira da información en toda Galicia. Hoxeé o día da radio e nas aulas íalegas estamos de íesta. Con este acontecemento, nos preguntámonos se realmente a Educación é un acto comunicativo. Acompáñanos, Heriberto do IES , Filomena do CEIP, etc.	30 s
Tertuliano 1	Heriberto: Boa tarde, María. A Educacióné un acto comunicativo pero resulta difícil construír aprendizaxe co uso da radio. Probablemente, fáltannos máis exames que dean conta do que o noso alumnado aprende.	15 s

Tertuliana 2	Filomena: Estás seguro que os exames nos dan garantías de que o noso alumnado aprende? Necesitamos que os nosos rapaces e rapazas amosen que saben íacer e iso require produtos máis creativos...	15 s
Presentador/a	...	
Tertuliano 1	...	
Tertuliana 2	...	
Presentador/a	Ata aquí chegaron as opinións da nosa tertulia con Heriberto e Filomena e agradecendo a súa presenza despedímonos de toda a audiencia Moitas grazas ebo día.	6 s



Tertulia ou debate



Que é?

É un dos xéneros máis específicos da radio xeralista.

Xurde a mediados dos anos 80 e experimentou nos últimos anos unha notable proliferación e popularidade entre a audiencia, tanto polo seu carácter radiofónico como pola súa natureza dialóxica.

Enmárcase dentro do contexto máis amplo da "radio de opinión".

Constitúe un paso lóxico na carreira cara a oferta dunha maior comprensión da actualidade, mediante o análise de acontecementos a través das opinións de voces expertas.

Exercítase a argumentación como defensa das ideas e opinións cunha base de coñecemento.



Obxectivo

Enfrontar posicións sobre un tema concreto a través desta conversación dialóxica, que ademais de facilitar información e interpretacións persegue construír o pluralismo necesario para que a audiencia fabrique a súa opinión propia.



Elementos chave

Para conseguir unha tertulia debemos ter en conta ante todo o rol da persoa presentadora que anima ao diálogo e conduce a conversación, entre as súas funcións:

- Sitúa o tema e subtemas.
- Identifica e presenta ás persoas participantes.
- Incita a conversación.
- Evita disgresións.
- Concede ritmos.
- Crea atmósfera de cordialidade.
- Controla o tempo de intervencións.
- Provoca cambios temáticos.
- Vixila o pluralismo.



A idea

Este produto radiofónico pode ser o máis aberto. Trátase dun discurso conversacional que combina inmediatez comunicativa, dinamismo, carácter cooperativo das intervencións, alternancia de quendas sen determinar e unha gramática de rexistro coloquial.



A voz e o ton

A locución destes espazos entran dentro dunha planificación limitada sen control da produción da mensaxe, cun tono informal e unha sintaxe non convencional. O argumento axúdase da voz e o ton no posicionamento.



A música

A música redúcese á presentación do espazo como cabeceira e ao final co feche do presentador. Adoitan ser pisadores musicales moi curtos.



Os efectos de son e a ambientación

Os efectos de son redúcese a aqueles cortes que dean pé a interpretacións dos participantes na tertulia e a ambientación a unha conversación entre persoas amigas con opinións diferentes. Non ten un guion previo, máis que a presentación pero aquí deixamos un exemplo de como se desenvolverían.



Como?

- 1 Pensa unha temática que poida resultar interesante para a audiencia.
- 2 Selecciona ás persoas que vaian debater atendendo ao seu coñecemento sobre a materia en cuestión e á sintonía coa audiencia. As persoas que participan na tertulia deben coñecer e preparar o debate previamente.
- 3 Realiza un guion previo con preguntas chave para ir guiando o debate ou reconducilo se fose necesario.
- 4 Trata de manter un equilibrio entre as intervencións das persoas que participan na tertulia.
- 4 Resume as principais ideas formuladas e finaliza facendo algunha reflexión relacionada cos asuntos debatidos.